

**Observacións e Comentarios ao Anteproxecto da “Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal”. (facilitadas por Nacho Lueiro membro de Anova Redondela e subscribimos na súa totalidade)**

> Presentado por: Agrupación de Electores de Redondela(AER), CIF: V94042397, veciños de Redondela.

Email: aeredondela@hotmail.es

> Fase de Trámite de consultas no procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica do Anteproxecto de **Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal:**

Plan: *Modificación puntual das Normas subsidiarias de ámbito municipal de Redondela con ordenación detallada do sector 1-Petán*  
Órgano promotor: Concello de Redondela  
Clave: 2012AAE1417  
Código de consulta na web: 1465/2012

## **1. Introducción.**

Atendendo á posibilidade de realizar observacións a dito plano nesta Fase Inicial do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) -segundo regulamento da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente-, como cidadán e veciño deste municipio gustaría facer unha serie de observacións técnicas acompañadas dunha reflexión en clave de ordenación do territorio.

Desta maneira, xa que logo, agardo que tais consideracións sexan tidas en conta pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (CMATI), da Xunta de Galicia. O obxectivo común é que entre todos, cidadáns e administracións públicas, sexamos quen de acadar un desenvolvemento sustentable non só no que se refire ás actividades productivas senón tamén no ámbito da ordenación do territorio.

## **2. Aspectos preliminares.**

Unha vez consultado o Anteproxecto a disposición publica na web da CMATI (MODIFICACIÓN PUNTUAL DE LAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE REDONDELA CON ORDENACIÓN DETALLADA DEL SECTOR 1. PETÁN. DOCUMENTO DE INICIO. EVALUACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA), procedo a facer as seguintes observacións á información e liñas de actuación propostas nese plano.

Estas observacións son o resultado de realizar unha análise crítica a tal proposta, nomeadamente desde o punto de vista ambiental e ecolóxico ademais de conxugala co meu coñecemento *in situ* desa área do entorno municipal. Como poderá ver non entro a facer unha análise ao detalle de cada actuación proposta, senón máis ben facer unha lectura e interpretación global de toda a intervención proposta neste anteproxecto desde unha visión de conservación e mellora da contorna en canto a patrimonio natural e paisaxístico. O mesmo cabe dicir da valoración sobre o efecto da actuación sobre o patrimonio cultural inmovible existente na contorna (dous elementos catalogados como Ben de Interese Cultural. BIC). O que implica obrigatoriedade de protexer o entorno deses dous bens, Viaducto e Pazo.

### 3. Análise do punto “4. DIAGNÓSTICO DE LA SITUACIÓN ACTUAL; 4.1. Caracterización del ámbito, elementos ambientales y patrimonio natural”.

Detéctase un erro ou unha eiva na información sobre o medio natural; así, neste Diagnóstico -páxina 4, no terceiro parágrafo indícase que “Las fincas están todas ellas sin cultivar y abandonadas desde hacemucho tiempo, manteniendo maleza y alguna especie arbustiva la zona más al Sur, la zona Norte carece de vegetación alguna, siendo una explanación en su gran mayoría con la tierra desnuda. No existe ningún cauce de agua en la zona ni ningún manantial reconocido”.

→ Discrepo de tal descripción e diagnóstico. Se se observa a cartografía ou a propia ortofoto que acompaña ao documento de Anteproxecto (ou estas que engadimos aquí extraída de Google Earth), pódese comprobar que SI existe vexetación arbórea e non se pode falar por tanto de “terra espida”: a cobertura vexetal por formacións herbáceas, de mato ou arbóreas ocupa case todo a superficie de ambos sub-sectores (Petan e Viaducto). É de salientar aquí que SI existen formacións vexetais arbóreas de bosque autóctono (*carballeira termófila* ou *colina*) a modo de pequenas manchas ou bosquetes que contribúen á calidade ecolóxica e paisaxística da zona. En efecto, existe esta mancha forestal está dominada polo carballo (*Quercus robur*), acompañado do seu elenco típico, de arbustos e árbores de baixo porte como o loureiro (*Laurus nobilis*), o estripeiro (*Pyrus pyraster*, *Crataegus monogaena*) e a xilbarbeira (*Ruscus aculeatus*), ademais de sanguíño (*Rhamnus frangula*), avelaira (*Corylus avellana*); e herbáceas como a hedra (*Hedera helix*), o chuchamel (*Lonicera peryclimenum*), fento real (*Osmunda regalis*)... Tamén existen mesturados con estes e nos bordes dos pequenos regueiros, exemplares da vexetación ripícola: amieiros (*Alnus glutinosa*) e salgueiros (*Salix atrocinerea*).




Estes pequenos “bosquetes” incluso son lugar frecuentados por aves rapaces como o gabián (*Accipiter nisus*) e o miñado (*Buteo buteo*), que mesmo poden chegar a anixar nas inmediacións.

Ademais, existe unha pequena zona húmida resultado dun tallo no relevo dunha pequena canteira local abandonada hai décadas. Un rego alimenta unha pequena charca formada na parte baixa dun talude de pedra dese tallo do relevo, onde se desenvolven formacións vexetais acuáticas, formando unha pequena “xunqueira”. É tamén salientable que esta charca é visitada por especies de aves como a garza (*Ardea cinerea*) e o alavanco real (*Anas platyrinchos*), onde é frecuente observarlos nos seus voos de paso no ecosistema comarcal-global que constitúe a enseada de San Simón e as zonas húmidas próximas en terra (como o Val do Maceiras, a suroeste deste espazo).

O mesmo cabe indicar do sector sur, xa que no texto referido no punto 4.2, desta mesma páxina 4, no segundo dese punto indícase que “(...) Así mesmo no aparece ningunha vexetación destacable u outros usos que sea preciso reseñar”.

→ Discrepo novamente de tal diagnóstico. Na mesma ortofoto do Anteproxecto e nas imaxes de Google Earth, pódese comprobar que SI existe vexetación arbórea, e de interese ecolóxico. Hai continuación de especies dese bosque atlántico do sector Petan. Ademais, existen exemplares de castiñeiros (*Castanea sativa*) de grande porte que incrementan así o valor patrimonial do sector, tanto ecolóxico como paisaxísticamente.



Respecto ao patrimonio cultural existente (Viaducto do ferrocarril- BIC- e o Pazo de Petan- catalogado nas NNSS), exprésase no punto “4.4. Arqueoloxía y patrimonio cultural” que “La actuación garantiza la protección de ambos bienes y su puesta en valor toda vez que se propone un espacio libre de uso público ordenado y urbanizado en ambos bordes del Viaducto, al tiempo que se exige la reserva de un espacio libre de uso privado entre el Pazo y la nueva ordenación”.

→ Discrepo; e dubido que tal actuación urbanística, *per se*, axude a súa integración paisaxística e conservación material. Atendendo aos planos da Alternativa 3 (a proposta), - páxinas 8 e 9- por moito que se dispoñan os bloques de edificios en escalonamento e de posicionamento da forma que sexa, non vai haber unha mellor permeabilidade da percepción do mesmo. Ao contrario, o espazo pasaría de ser unha grande superficie aberta detrás do pazo (actualidade) a semellar estar “achicado” e constringido polas edificacións. Algo parecido podería dicirse da paisaxe xeral da zona e a percepción do viaducto con bloques de edificios perto, acentuando o actual “feísmo” constructivo xa existente nos piares da ponte neste extremo.

#### **4. Consideracións xerais a modo de conclusións sobre o Anteproxecto no marco dun concello que carece de PXOM e que necesita zonas verdes de lecer.**

> En vista do anteriormente exposto, penso que SI se poden dar efectos ambientais e paisaxísticos negativos con tal modificación urbanística na zona.

> A existencia das manchas de bosque atlántico na zona son de grande interese para os veciños da vila (*servizos ecosistémicos*), ao estaren moito perto do centro urbano.

> É de salientar o potencial desta zona -nun futuro PXOM- para converterse en parte dun “cinto vexetal” de parques a redor da vila; “parque” pero no senso e concepto da tradición tradición paisaxística e de xardín na Europa central e nórdica: parques que son bosques frondosos en plena urbe, lonxe do concepto actual do país, no que prima a mal denominada “alameda”, inzada de cemento e de especies varias de palmeiras.

Ademais, no concello non existen carballeiras de grande extensión, senón moitos pequenos fragmentos ciscados por todo o territorio municipal, que en conxunto suman unha considerable superficie deste hábitat emblemático da Europa Atlántica. Velaí entón outra razón, xa que logo, para protexer e ampliar esas formacións vexetais.

> Cómpre que o concello e a cidadanía en xeral fagamos unha reflexión conxunta ao redor da propia pertinencia, urxencia e “lexitimidade” das NNSS, as cales teñen 24 anos. Como é ben sabido, desde aquela ata hoxe teñen mudado moitas cousas no plano da ordenación urbana local:

- a propia necesidade real de medrar urbanisticamente en clave de edificabilidade e “Nº de vivendas”, e máis neste contexto post-burbulla inmobiliaria, paralización da construción, “crise” económica e existencia dun considerable Nº de vivendas baleiras no concello.

- A propia conciencia ambiental e cultural da sociedade, e mais aínda as perspectivas e “tendencias” na ordenación territorial e deseño urbanístico, que buscan a naturalización do ambiente urbanos, en certa maneira desenvolver o concepto da “cidade xardín” xurdido no século XX.

> Outra reflexión a realizar é a da falta de PXOM, despois de “simulacros” de Plan Xeral fallidos nos últimos lustros. Quero expresar neste documento e facer miña tamén, a demanda da poboación local dun Plan Xeral que sexa quen de pensar a ordenación e a planificación segundo unha idea e visión global do territorio local, en clave de sustentabilidade e de habitabilidade en todos os conceptos, non só no relativo a edificacións. Cómpre actuar de forma global e non andar a poñer remendos por partes no territorio.

---

En Redondela, a 19 de novembro de 2012.